

Índice

Limiar: xénese, obxecto e alcance

I.- Visión global do sector forestal en Galicia

- Superficie forestal
- Actividade económica: VEB, emprego, empresas e produción forestal
 - VEB
 - Emprego
 - Empresas forestais
 - Producción forestal
 - Aproveitamento da biomasa forestal
- Comercio exterior
- Valoración e renda anual

II.- Aspectos normativos e actuacións da Administración

- Ley estatal 43/2003, de 21 de novembro, de Montes
- Decreto autonómico 21/2005, de 20 de xaneiro, de prevención de incendios e regulación de aproveitamentos forestais
- Plan de defensa contra incendios forestais de Galicia. Plan INFOGA
- Plan de actuacións de prevención e loita contra incendios forestais

III.- Incendios forestais: Análise da súa evolución e da superficie afectada. Análise da causalidade.

- Evolución do número de incendios e superficie afectada
- Distribución espacio-temporal dos lumes
- Análise da causalidade

IV.- Consideracións

Anexos

Limiar

**De conformidade coas competencias atribuídas ao
Consello Económico e Social de Galicia
pola Lei 6/1995, do 28 de xuño, previa análise pola Comisión
Sectorial nº 1, *Economía, emprego e sectores productivos*,
e de acordo co procedemento previsto no seu
Regulamento de Réxime Interior,
o Pleno do Consello Económico e Social de Galicia,
na súa sesión 3/05, do 8 de xullo,
acorda emitir por propia iniciativa,
o presente informe sobre**

ANÁLISE, BALANCE E PROPOSTAS SOBRE

incendios forestais

MEDIDAS PREVENTIVAS, APROVEITAMENTO
DA BIOMASA RESIDUAL E OUTRAS

Xénese do informe

O Consello Económico e Social de Galicia, creado pola Lei 6/1995, de 28 de xuño, ten entre as súas funcións a de elaborar por propia iniciativa informes ou estudos sobre os sectores que teñen unha maior incidencia no desenvolvemento económico e social de Galicia.

No ámbito destas funcións, o Pleno do Consello Económico e Social de Galicia, na súa sesión 09/04, do 17 de decembro, acordou por unanimidade proceder á elaboración dun informe a iniciativa propia sobre ***“Análise, balance e propostas sobre incendios forestais: medidas preventivas, aproveitamento da biomasa residual e outras”***. Na mesma sesión aprobouse que a realización dese informe se levara a cabo pola Comisión Sectorial nº 1: *Economía, emprego e sectores productivos*.

Obxecto e alcance

“A Galicia do futuro non pode medrar de costas ao sector forestal [...] debe apoiarse ambiental e economicamente no seu sector forestal [...]”. A importancia dos recursos forestais apréciase na súa consideración como factor de desenvolvemento, dada a súa riqueza no senso ambiental ou ecolóxico, humano e social, e económico.

- Ambiental
- Social: tanto pola potencialidade de xeración de emprego como pola súa influencia nas políticas de fixación de poboación nas zonas rurais
- Económico: que se reflicte non só polo papel das industrias forestais, senón por todas aquelas actividades como o turismo, o sendeirismo e deportes ao aire libre, que lle dan valor directo ou indirecto.

O **obxecto** deste informe non é a realización da análise do sector forestal en Galicia nin o estudio da ordenación dos recursos naturais. O seu obxecto é analizar os **incendios forestais en Galicia**, que se poden considerar coma un dos grandes problemas sociais, ambientais e económicos aos que se enfronta calquera sociedade. Así, o que se pretende é analizar a evolución dos incendios forestais e as súas causas, así como as políticas de prevención, extinción de incendios e de recuperación das zonas afectadas polo lume levadas a cabo.

O primeiro capítulo do informe trata de aproximarse á realidade socioeconómica do sector forestal, co obxectivo de proporcionar unha visión ou un panorama xeral da situación do monte galego e do devandito sector na economía galega.

Neste capítulo analízase, como primeiro aspecto indicativo da importancia e potencialidade do sector en Galicia, a estrutura da superficie forestal galega. En segundo lugar, estúdíase a actividade económica do sector forestal, tomando como indicadores o VEB xerado, o emprego, o sector empresarial e a produción forestal e o aproveitamento da biomasa forestal. Posteriormente, faise referencia ao sector exterior galego para cuantificar a importancia relativa do sector forestal galego, e finalmente, preséntase o valor económico e a renda forestal, que se calcula tendo en conta os aspectos productivos, ambiental e recreativo.

Ao longo deste capítulo considérase que o sector forestal galego está formado polo conxunto de actividades englobadas nos subsectores “silvicultura, explotación forestal e actividades dos servizos relacionados con elas”, “industria da madeira e da cortiza, agás mobles; cestería e espartería”, “industria do papel” e a “fabricación de mobles”.

Cómpre salientar que as limitacións ao alcance deste primeiro capítulo, de carácter introductorio, sobre a visión global do sector forestal veñen dadas tanto pola inexistencia dunha desagregación estatística suficiente en determinadas áreas de estudio, como polos diferentes ámbitos temporais aos que fan referencia os distintos datos estatísticos.

O segundo capítulo dedícase a presentar os aspectos normativos máis salientables en relación cos incendios forestais, así como os plans e medidas máis importantes que tentan evitar, ou polo menos minorar, os danos producidos polos incendios forestais.

Como punto de referencia inclúese, en primeiro lugar, a Lei estatal de Montes (Ley 43/2003, do 21 de novembro), facendo especial fincapé no capítulo III do Título IV. Conservación e protección dos montes, que se ocupa dos incendios forestais.

A continuación coméntase o Decreto autonómico 21/2005, do 20 de xaneiro, de prevención de incendios e regulación de aproveitamentos forestais, que ten como obxectivo o de compatibilizar e regular os aproveitamentos do monte coa finalidade de previr os incendios forestais e as súas consecuencias.

En terceiro lugar analízase o Plan INFOGA, como plan de defensa contra os incendios forestais, que anualmente elabora a Dirección Xeral de Montes e Industrias Forestais da Consellería de Medio Ambiente. O obxecto deste plan é o establecemento da organización e procedemento de actuación dos recursos e servizos a disposición da Administración autonómica, e se organiza en torno a uns obxectivos e unhas accións tendentes a acadalos, unhas relacións xerárquicas e un procedemento operativo único para as épocas de perigo medio e alto.

En último lugar faise referencia al Plan de Actuacións de Prevención e Loita contra Incendios Forestais, aprobado no Consello de Ministros de 10 de xuño de 2005 co obxectivo de dar resposta integral e duradeira ao problema dos incendios forestais.

O terceiro capítulo do informe analiza a evolución dos incendios forestais en Galicia e a súa causalidade. Os incendios forestais caracterizáronse pola súa elevada frecuencia, intencionalidade e alta porcentaxe de lumes nocturnos. Entre os elementos que potencian esta situación están a dispersión da poboación, o envellecemento da poboación rural, por mor da emigración cara ás cidades, o gran crecemento vexetal que se produce en Galicia ou os conflitos do uso do solo.

O capítulo estrutúrase en tres grandes apartados nos que se estudian, en primeiro lugar, a evolución dos incendios forestais e da superficie queimada. Posteriormente, faise referencia ao estudio espacio-temporal dos incendios en base ao cal se definen as actuais 14 zonas especiais de vixilancia. En último lugar, analízase a causalidade dos incendios.

Finalmente, o informe recolle as **consideracións** consensuadas dos membros do Consello Económico e Social de Galicia sobre os aspectos máis salientables relacionados coas políticas de prevención e extinción de incendios.